

Resolución reitoral do 9 de xullo de 2025, pola que se regulan os supostos en que o persoal da Universidade da Coruña gozará de exención de prezos públicos por servizos académicos na propia Universidade e de compensación de prezos públicos por servizos académicos nas universidades de Santiago de Compostela e Vigo

PREÁMBULO	1
Artigo 1. Obxecto	2
Artigo 2. Titulares do dereito e persoas beneficiarias	2
Artigo 3. Matrícula das probas de acceso á universidade realizadas na UDC.....	3
Artigo 4. Matrícula en estudos universitarios na UDC.....	3
Artigo 5. Matrícula en estudos universitarios na Universidade de Santiago de Compostela ou na Universidade de Vigo	4
Artigo 6. Incompatibilidades	5
Artigo 7. Modificacións de matrícula	5
Artigo 8. Revisión e reintegro da exención.....	5
Disposición derogatoria	6
Disposición final primeira. Habilitación	6
Disposición final segunda. Entrada en vigor	6

PREÁMBULO

A Universidade da Coruña estableceu, para o seu persoal e para o persoal das universidades que integran o sistema universitario de Galicia, unha exención dos prezos públicos por servizos académicos sempre que existise unha compensación entre as entidades implicadas. Esta exención aplicábase á tarifa primeira e ao primeiro punto da tarifa segunda, que establece anualmente a Xunta de Galicia no decreto de prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos.

Porén, recentemente, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo modificaron a súa regulación interna nesta materia. Como consecuencia, o acordo de compensación mutua entre as tres universidades, que permitía aplicar a normativa anterior, deixou de ter efecto.

Neste novo escenario resulta necesario adaptar a normativa da UDC, mais pola relevancia dos cambios introducidos, non se considera axeitado facelo a través dunha modificación da norma vixente, senón que se considera máis axeitado aprobar unha nova norma.

Artigo 1. Obxecto

1. O obxecto desta prestación é cubrir os gastos ocasionados ao persoal ao servizo da Universidade da Coruña (UDC) e das persoas que dependan deste persoal, cando realicen estudos en titulacións oficiais de grao, mestrado universitario ou doutoramento. A axuda inclúe os importes da tarifa primeira –incluídos os correspondentes aos recoñecementos académicos– e nas probas de acceso á universidade, establecidas no decreto anual que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do sistema universitario galego (SUG).

2. O persoal da UDC con dereito á prestación, así como as persoas beneficiarias que estuden nalguna das universidades do SUG terán dereito á concesión da prestación para a primeira, segunda, terceira e sucesivas matrículas, tanto en cursos completos como en materias soltas.

3. A contía desta prestación considérase unha retribución en especie, segundo establece o artigo 42 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio. Como tal, está suxeita á súa correspondente tributación como rendemento do traballo.

Artigo 2. Titulares do dereito e persoas beneficiarias

1. Terá dereito á prestación obxecto desta resolución o persoal que preste servizo na UDC e forme parte de calquera dos seguintes colectivos:

- a) Persoal docente e investigador (PDI): persoal funcionario de carreira que pertenza aos corpos docentes universitarios, profesorado contratado e profesorado interino.
- b) Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS): persoal funcionario de carreira ou interino e persoal laboral fixo ou temporal.

Este persoal deberá estar en situación de servizo activo, servizos especiais ou excedencia por coidado de familiares. Tamén manterán o dereito as persoas xubiladas tras exercer o seu posto na UDC.

2. Ademais da persoa titular do dereito, tamén terán a consideración de persoas beneficiarias da prestación:

- a) O/a cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita, así como os/as fillos/as de calquera das dúas persoas, sempre que residan no domicilio familiar. Esta condición manterase no caso de xubilación da persoa titular ou no caso de falecemento.
- b) As persoas acollidas de forma permanente ou preadoptiva pola persoa titular.

En todo caso, as/os fillas/os e as persoas en réxime de acollida, non poderán ter cumpridos os 28 anos no caso de estudos de grao ou mestrado, nin os 30 anos no caso de estudos de doutoramento. Ademais, deberán carecer de independencia

económica, condición que deberá acreditarse mediante un certificado tributario expedido pola Axencia Tributaria ou mediante unha declaración responsable.

3. Tamén terá dereito á prestación o persoal contratado de programas, proxectos e convenios de investigación con cargo ao capítulo VI do orzamento da UDC, sempre que poida acreditar un mínimo de 15 meses de servizo nesta universidade nos últimos cinco anos.

4. As solicitudes que non se axusten a estes supostos poderán ser valoradas de forma excepcional, sempre que se presente unha petición motivada. A resolución corresponderalle ao reitor ou reitora ou ao vicerreitor ou vicerreitora en quen delegue.

Artigo 3. Matrícula das probas de acceso á universidade realizadas na UDC

A solicitude da exención formalizarase no momento en que a persoa interesada se matricule nas probas de acceso á universidade. A presentación da solicitude suporá a suspensión do pagamento dos prezos públicos que establece o artigo 1 desta resolución.

Artigo 4. Matrícula en estudos universitarios na UDC

1. A solicitude da exención presentarase a través da aplicación informática de matrícula. A persoa interesada seleccionará a opción de exención “Persoal da UDC” e automaticamente activarase a suspensión provisional do pagamento dos prezos públicos que establece o artigo 1 desta resolución.

2. Xunto coa matrícula ou, se é o caso, dentro do prazo que indique a normativa correspondente, deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Se a persoa matriculada é titular do dereito: certificado que acredite a súa vinculación coa UDC.

b) Se a persoa matriculada non é titular do dereito: certificado de vinculación coa UDC da persoa titular, así como algún dos seguintes documentos, segundo proceda:

- Copia do libro de familia onde figuren a persoa titular do dereito e as persoas beneficiarias.

- Certificado de convivencia no caso de persoas que convivan maritalmente e documentación que acredite o rexistro no suposto de parella de feito.

- Documentación que acredite a falta de independencia económica, no caso de fillos/as da persoa titular do dereito ou do seu cónxuxe, ou parella de feito debidamente inscrita.

3. Unha vez que a unidade administrativa que corresponda (administración/unidade de xestión académica integrada -UXAI-) comprobe que a persoa solicitante cumpre os requisitos que establece esta resolución, a suspensión do pagamento converterase en definitiva.

No caso de que a administración/UXAI que corresponda comprobe que a persoa solicitante non ten dereito á exención, emitirase unha resolución denegatoria asinada

pola persoa titular do decanato/dirección, por delegación da reitora ou reitor. A exención será eliminada da matrícula e reclamarase o importe pendente de pagamento.

A interposición dun recurso potestativo de reposición, ante o reitor ou reitora, de acordo co que establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, suspenderá o prazo de pagamento ata a súa resolución.

4. Antes do mes de abril de cada curso académico, o servizo con competencias en materia de organización académica remitirá ao servizo con competencias en materia de retribucións os datos finais das persoas que fixeron uso desta exención nas súas matrículas.

5. No caso de que non se indicara a exención “Persoal da UDC” na matrícula, os importes a cobrar tras a aplicación de calquera outra exención que se solicitara poderán ser devoltos, previa solicitude, seguindo o procedemento establecido no artigo seguinte, agás no que se refire á existencia de presentar a autorización expresa recollida no apartado 3 do dito artigo, que non resultará de aplicación.

Artigo 5. Matrícula en estudos universitarios na Universidade de Santiago de Compostela ou na Universidade de Vigo

1. As persoas que cursen estudos na Universidade de Santiago de Compostela ou na Universidade de Vigo deberán aboar os importes da matrícula, nos prazos e segundo o procedemento que cada unha delas determine na súa normativa.

2. Tras o pagamento da matrícula, as persoas titulares do dereito poderán solicitar a devolución da contía aboada, dirixindo a súa solicitude á Xerencia da UDC, acompañada da seguinte documentación:

a) Se a persoa matriculada é a titular do dereito:

- o certificado de vinculación coa UDC;
- e o xustificante de pagamento da matrícula do que se solicita a devolución

b) Se a persoa matriculada non é o titular do dereito:

- os documentos recollidos no apartado a) anterior;
- e o documento que corresponda, segundo o caso, de entre os recollidos no artigo 4.2.b) desta resolución.

3. A solicitude de devolución deberá presentarse a través do rexistro electrónico da UDC e incluírá unha autorización expresa para que a Universidade de Santiago de Compostela ou a Universidade de Vigo, segundo corresponda, faciliten á UDC os datos relativos á súa matrícula. A ausencia desta autorización impedirá tramitar a devolución dos importes solicitados.

4. Unha vez verificado o dereito á devolución, a Xerencia da UDC procederá ao pagamento, tras comprobar o que establece o punto 5 deste artigo.

Se a Xerencia determina que a persoa solicitante non ten dereito á devolución, emitirase unha resolución denegatoria asinada pola Xerencia, por delegación da reitora ou do reitor.

5. Para que se poida facer efectiva a devolución, a persoa solicitante deberá estar dada de alta na base de datos de terceiros da UDC.

6. Unha vez que remate o curso académico, e por solicitude da Xerencia, o servizo con competencias en materia de organización académica solicitará ás universidades de Santiago de Compostela e de Vigo información sobre a situación final das persoas ás que se lles fixo algunha devolución de importes.

Artigo 6. Incompatibilidades

Cada persoa beneficiaria só poderá estar vinculada a unha única persoa titular do dereito.

Artigo 7. Modificacións de matrícula

No caso de modificacións nas matrículas recollidas nos artigos 4 e 5, produciranse os seguintes efectos:

a) Se a matrícula incrementa o seu importe:

- Persoas matriculadas na UDC: a aplicación informática actualizará automaticamente o importe da exención. Se o cambio ten lugar despois do mes de marzo do curso académico, a administración/UXAI correspondente deberá comunicalo ao servizo con competencias en materia de retribucións.
- Persoas non matriculadas na UDC: a persoa deberá aboar a diferenza e poderá solicitar a devolución da contía correspondente seguindo o procedemento do artigo 5.

b) Se a matrícula diminúe o seu importe:

- Persoas matriculadas na UDC: a aplicación actualizará automaticamente o importe da exención ao novo valor. Se o cambio ten lugar despois do mes de marzo do curso académico, a administración/UXAI correspondente deberá comunicalo ao servizo con competencias en materia de retribucións.
- Persoas non matriculadas na UDC: a persoa deberá comunicar a diferenza á Xerencia da UDC segundo o procedemento que se recolle no artigo 5.

c) Se a matrícula é anulada ou desistida:

- Persoas matriculadas na UDC: a administración/UXAI notificará a nova situación ao servizo con competencias en materia de retribucións.
- Persoas non matriculadas na UDC: a persoa deberá comunicar esta situación á Xerencia da UDC, seguindo o procedemento indicado no artigo 5.

Artigo 8. Revisión e reintegro da exención

1. Procederá o reintegro da contía da prestación nos seguintes casos:

a) Se se detecta falsidade nos datos achegados que deron lugar á concesión da exención ou devolución.

b) Se se incumpre a norma de incompatibilidade que se establece no artigo 6.

Nestes casos, a Xerencia reclamará o reintegro da devolución realizada.

2. A contía da prestación poderá modificarse se se aplica ou cancela outra exención prioritaria, ou por calquera cambio na matrícula que afecte aos importes.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Resolución reitoral do 19/07/2019 pola que se regulan os supostos de exención de prezos públicos por servizos académicos na UDC ao persoal das universidades do sistema universitario de Galicia, así como cantas normas de rango igual ou inferior se opoñan a esta resolución.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilitase a vicerreitoría con competencias en materia de organización académica para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de teren alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad